



A Asociación **Olloboi** convoca o Festival Audiovisual “**OlloBoi 2020**” que este ano, por ser o noso aniversario, amplíase a dous días de festa e creación!

Desde febreiro e ata o 17 de maio podedes inscribir as vosas pezas na web olloboi.com, onde atoparedes as bases específicas de participación desta convocatoria.

O Festival terá lugar dos días 26 a 29 de maio no Barbanza. As mañás de luns a xoves haberá pases de curtas para alumnado do Barbanza nas vilas de Ribeira, Pobra, Rianxo e Boiro. O xoves en Boiro, na Casa de Cultura, haberá pase de finalistas ás 18.00h e pase de pezas do Equipo Cómplice de artistas, ambos aberto a toda a cidadanía.

Como en edicións anteriores, unha fase do festival está adicada á creación *in situ*. **Muchachada 4x4**, unha actividade exprés de creación fílmica colectiva para grupos de alumnado de toda Galicia, coa axuda de profesionais galegos do cine e cómplices cidadáns de Boiro. A Muchachada 4x4 será o venres de 10.30 a 14.30 e á rapazada e profes acompañantes ofrecémoslles un pincho de benvinda e a comida.

Pola tarde celebrarase a **10ª edición de Entrega de premios Olloboi nos Asteleiros Triñanes**. Con foliada e concerto fin de festa incluídos, se non hai novidade.

Para inscribivros nunha ou varias destas actividades tedes formularios na nosa web. Nela iremos ampliando detalles sobre a Muchachada, os obradoiros e o Equipo Cómplice de artistas deste ano.

Avisamos que vai haber sorpresas cinéfilas para todo o mundo. Non todos os días se cumpren 10 anos, así que... A crear, amigas e amigos!

BASES OLLOBOI 2020

Destinatari@s e Requisitos

- Aceptaránse videocreacións (ficción ou documental) *de duración preferentemente non superior ós 20 minutos*.
- Poderá participar calquera persoa ou grupo de persoas relacionadas co ámbito escolar público, concertado ou privado, formación regrada ou non: alumnado, profesorado e PAS. Os/As menores de 18 anos farano baixo a responsabilidade do seu titor ou titora legal.
- O concurso está *dirixido a todos os niveis educativos* (Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato, Formación Profesional, Universidade, Escolas Audiovisuais). Poderán participar centros educativos de formación non regrada sempre e cando os traballos involucren a alumnado.
- A temática e lingua dos traballos será libre, aínda que *se valorará o uso do idioma galego, a sensibilidade medioambiental e social e o respecto ós dereitos dos animais*. Estas sensibilidades poderán ser criterio de desempate chegado o caso.
- Valorarase que as pezas se fagan cunha ratio de 16:9 ou 4:3 (gravación horizontal) e cunha resolución Full HD (1920x1080). Por defecto, a maioría dos equipos de gravación teñen xa estes axustes.
- Terase en conta que as imaxes e audios dos traballos sexan propiedade dos autores e autoras do vídeo, quen consenten na divulgación do material, sempre co recoñecemento da súa autoría e dos seus dereitos (recoméndase que os rexistren baixo licenza [Creative Commons](#)). De non ser material propio, recoméndase que os recursos utilizados sexan de código aberto (CC). Se se empregan recursos con dereitos de autor, a responsabilidade de uso dos mesmos recaerá sobre os creadores/as da peza audiovisual.
- Aceptaránse *traballos realizados nos últimos 3 anos* sempre que non se presentaran en edicións anteriores do concurso.
- As pezas deberán estar accesibles a todo o público en Internet, aloxadas en [Vimeo](#) ou en [Youtube](#). No caso deste último é necesario que os permisos de inserción estean habilitados para que a asociación poida acceder ó contido.

Inscrición de traballos

- Os/as participantes rexistraranse en olloboi.com indicando un correo electrónico válido que a organización utilizará para futuras comunicacións sobre a súa participación no concurso.
- Para inscribir un traballo haberá que introducir a seguinte información:
 - a. **Dirección do vídeo en Internet:** URL de [Vimeo](https://vimeo.com) ou [Youtube](https://youtube.com) a través da que se pode acceder ao vídeo.
 - b. **Título da peza.**
 - c. **Descrición. Recoméndase** incluír unha breve sinopse, os créditos e calquera outra información pública que poida ser de interese para a audiencia.
 - d. **Nivel Educativo** ó que pertence maioritariamente o equipo que elaborou o traballo (Infantil, Primaria, ESO, etc.).
 - e. **Centro educativo:** colexio, instituto, escola, facultade, etc. de procedencia do traballo. Admítense traballos de centros públicos, concertados e privados.
 - f. **Responsable do centro educativo:** especialmente no caso de pezas presentadas por alumnado menor de idade.

Categorías

Na edición actual entregaranse DEZ PREMIOS organizados en categorías en función das idades do alumnado implicado:

- **Olloboi Peque:** para traballos elaborados con alumnado de Infantil e Primaria.
- **Olloboi Plus18:** para pezas elaboradas por alumnado de centros de ensino superior (escolas universitarias, ciclos de formación profesional superior, EOI, etc.) ou profesorado.
- **Olloboi Xubiloi:** para traballos de profesorado xubilado. A asociación terá especial interese en promover a participación nesta categoría, colaborando na difusión posterior dos traballos recibidos.
- **Olloboi Xeral,** onde participan todas as pezas presentadas de acordo cos seguintes epígrafes:
 - g. **Olloboi Interpretación:** onde se valorará unha boa dirección de actores e/ou un reparto ben escollido, evidenciándose na naturalidade ou adecuación das interpretacións
 - h. **Olloboi Imaxe:** o que amose unha edición mellor planificada, un emprego consciente das leis de composición visual, a escolla da paleta cromática, tratamento da luz,

etc.

- i. **Olloboi DJ:** a mellor sonorización e/ou interpretación musical, orixinal ou versión.
 - j. **Olloboi Guión:** o mellor texto orixinal, onde se primará a existencia de personaxes e situacións verosímiles. Terase en conta a comicidade.
 - k. **Olloboi Arte e estética:** onde se terá en conta a construción de escenarios, vestuario e maquillaxe. Terán especial cabida nesta categoría as animacións, Stop Motion, Time Lapse, etc.
 - l. **Olloboi Comprometido:** porque vivimos tempos de reivindicar e defender o que tantos anos custou lograr e que tan facilmente pode perderse. Pola liberdade, polo rural, polas mulleres, pola cultura e polo ben público en xeral.
- **Olloboi Zamburrioi:** premio especial concedido pola Asociación Olloboi.
 - **Olloboi COVIdeo doméstico:** Categoría *ad hoc* onde poderedes reflexionar sobre esta situación que estamos a vivir e sobre o país que nos agarda á volta. Poderá ser unha peza de corte experimental e poético, con material actual ou de fondo de disco duro; documental, recollendo o diario da vida doméstica, de ficción ou animación. Ten que levar nos créditos o cancelo #OlloboiCOVIdeo e aspira a un premio especial que consistirá en asistir a unha rodaxe de cine galego (datas a considerar en función da evolución do virus.)



Premios e Xurado

- A contía dos premios determinarase en función do patrocinio ou axudas acadadas.
- A Organización resérvase o dereito a declarar deserta unha ou varias das categorías, así como a engadir categorías novas ó longo do desenvolvemento do festival.
- O Xurado estará constituído por membros da *Rede Cómplice de Olloboi*. Procurarase ter no mesmo a representantes do mundo docente e do audiovisual profesional.

Programa do Festival

A inscrición de traballos en olloboi.com será desde o 1 de febreiro ata o 17 de maio.

O Encontro Olloboi 2020 durará cinco días, 25 a 29 de maio coa seguinte grella de actividades:

- **Luns 25 a xoves 28**, en horario de mañás, proxeccións de curtas para centros de primaria e secundaria do Barbanza..
- **Xoves 28, ás 18.00h**, pase de finalistas. Ás **20.00h** cine fórum con curtas do Equipo Cómplice de artistas desta edición, charla e pinchos.
- **Venres 29, ás 10.30h, Muchachada 4x4**, un encontro de cine de guerrilla coorganizado en colaboración coa A.C. Unión de Muchachas. A inscrición na actividade está **aberta a alumnado de toda Galicia**, é de balde, e **inclúe axuda profesional para realizar unha peza audiovisual, pincho de benvida, xantar**. O alumnado organizarase en grupos de 10-15 persoas e en cada grupo debe haber un alumno ou alumna responsable da montaxe da peza. Os grupos terán 4 horas para planificar, gravar e montar unha curta de ata 4'. Para a admisión nesta Muchachada terán preferencia os centros/persoas que participen tamén na fase de concurso. Respetarase a orde de inscrición. **Para alumnado de infantil ou primaria organizarase un obradoiro de creación audiovisual específico.**
- Venres 29 pola tarde organizarase a entrega de premios nos Asteleiros Triñanes, con presenza do Xurado da edición 2020 e a actuación musical da Escola de Música de Boiro.
- O fin de festa será o xa tradicional *Arrós Mariñeiro do Asteleiro* a ritmo de muiñeira e logo un concerto na Pousada das ánimas.

Outras disposicións

- Calquera cuestión que poida xurdir ó longo do desenvolvemento do festival e que non estea reflectida nestas bases será resolta pola organización do festival, e comunicada o mellor e máis orixinalmente que se vaia podendo :)
- O festival comprométese a difundir o material na medida das súas posibilidades, polo que a inscrición de traballos presupón a cesión de dereitos de distribución, comprometéndose a organización a facer explícita a autoría dos materiais

Sorte e a crear!!